

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

*RESOLUCIÓN do 14 de marzo de 2018, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (PR905A).*

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con elas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, des-concentra na persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

Para darlle cumprimento aos obxectivos que ten encomendados, esta secretaría xeral convoca unha resolución de axudas económicas en favor de persoas emigrantes galegas retornadas que ten por finalidade axudar a facer fronte aos gastos extraordinarios da unidade familiar derivados do seu retorno á Comunidade Autónoma de Galicia.

Estas axudas fundaméntanse en feitos de urxente atención, teñen carácter meramente paliativo e destínanse a facer fronte a aquelas causas sobrevidas derivadas do retorno que, polas súas circunstancias, requiren dunha atención perentoria na obtención de recursos polas persoas afectadas, de tal xeito que alcancen a complementar ou aliviar a carencia de recursos.

Polos ditos motivos e dada a súa excepcionalidade por razóns de interese social, propónse un mecanismo de tramitación e resolución que, sen prexuízo da obxectividade da concesión e das garantías na súa aplicación, faciliten a cobertura, curso e resolución sobre



as peticións que se formulen, todo isto, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude do exposto, no exercicio das competencias atribuídas no Decreto 76/2017, do 28 de xullo, e de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da referida Lei 9/2007, nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normativa de aplicación,

**RESOLVO:**

**Artigo 1. *Obxecto e réxime das axudas***

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases que regularán o procedemento de concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións da Secretaría Xeral da Emigración que teñen por finalidade a concesión de axudas extraordinarias e non periódicas dirixidas a persoas emigrantes galegas retornadas para axudar a facer fronte aos gastos extraordinarios da unidade familiar derivados do seu retorno á Comunidade Autónoma de Galicia e carezan dos recursos suficientes.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as devanditas axudas para o ano 2018.

3. O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e coas garantías previstas no artigo 31.4 da dita lei, e con base no disposto no artigo 32 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita lei.

4. A concesión destas axudas efectuarase ao atender, en todo caso, á data de presentación de cada unha das solicitudes con toda a documentación relacionada no artigo 9 e estará en calquera caso condicionada á existencia de crédito orzamentario. No caso de esgotamento do crédito establecido para esta subvención, a Secretaría Xeral da Emigración publicará esta circunstancia no DOG o que levará consigo a inadmisión das solicitudes presentadas con posterioridade á data da dita publicación sen prexuízo de que se poida



incrementar o crédito orzamentario nos supostos previstos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Este procedemento habilitarase na Guía de procedementos e servizos co código PR905A.

#### Artigo 2. *Financiamento*

Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito de cincocentos cincuenta mil euros (550.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.480.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018. Este importe poderá ser ampliado nos casos establecidos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, en función das maiores dispoñibilidades orzamentarias que se poidan producir na devandita aplicación e condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. Neste caso publicarase a ampliación do crédito nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio do novo cómputo de prazo para resolver.

#### Artigo 3. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias destas subvencións as seguintes persoas, que residindo fóra de España se establezan na Comunidade Autónoma galega:

a) As persoas galegas e nadas en Galicia.

b) Os cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal e os/as fillos/as das persoas galegas e nadas en Galicia.

2. Todas as persoas beneficiarias deberán acreditar estar en posesión da nacionalidade española antes do retorno e ter a súa residencia actual en Galicia.

#### Artigo 4. *Requisitos*

1. Requisitos que deberán cumprirse e acreditarse na data da presentación de solicitudes:

a) Ter residido legalmente no estranxeiro un mínimo de tres anos ininterrompidos inmediatamente anteriores á data do retorno a España.



b) Non ter transcorrido máis de dous anos entre a data do retorno a España e a data de presentación da solicitude.

c) Estar empadroada e ter residencia nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Carecer de recursos económicos suficientes na unidade familiar.

Consideraranse para estes efectos que son suficientes, cando a suma da media dos ingresos que perciba cada membro da unidade familiar, nos dous meses anteriores ao da presentación da solicitude, dividido entre o número de persoas que a integren, superen o importe do IPREM mensual (indicador público de renda de efectos múltiples) vixente na data da solicitude.

Para os efectos desta axuda, consideraranse ingresos da unidade familiar, os obtidos por calquera dos seguintes conceptos:

- Rendementos do traballo. Inclúe as rendas netas do traballo por conta allea, excepto as pagas extras. Exclúense, en todo caso, os salarios xerados no estranxeiro.

- Rendas de actividades económicas, profesionais, empresariais ou agrarias. Compúta-se como rendas o rendemento neto reducido (ingresos menos gastos) dos distintos tipos de actividades desenvolvidas en España.

- Pensións e prestacións. Inclúe os ingresos netos de todo tipo de pensións e prestacións, excepto a prestación económica por razón de necesidade (ancianidade e incapacidade) da Dirección Xeral das Migracións do Ministerio de Emprego e Seguridade Social español que puidesen percibir no seu país de orixe.

- Rendas do capital mobiliario. Inclúe os rendementos netos das distintas contas bancarias e investimentos financeiros.

- Rendas do capital inmobiliario. Inclúe os rendementos brutos dos bens inmobles arrendados, diferentes da vivenda habitual.

Exceptúanse do cómputo dos ingresos da unidade familiar da epígrafe anterior os seguintes conceptos:

- Os ingresos de carácter finalista dirixidos á formación regulada.



- Os ingresos por asistencia a cursos de formación non regulada, como incentivos ou gratificacións pola participación.

- Os ingresos de pagamento único dirixidos a paliar situacións de emerxencia social.

- As prestacións familiares por fillo/a a cargo menor de 18 anos.

- As prestacións económicas e libranzas derivadas de Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

e) Carecer de bens patrimoniais suficientes (bens mobles e/ou bens inmobles) na unidade familiar.

- Entenderase como bens mobles suficientes, cando o valor dos bens mobles de todas as persoas da unidade familiar, na data de presentación da solicitude, supere o límite de 12.000 € cando a unidade familiar estea formada por unha persoa, incrementado, de ser o caso, en 2.000 € adicionais, por cada un dos restantes membros da unidade familiar.

O capital mobiliario ou bens mobles, estará conformado polos depósitos en conta corrente ou a prazo, accións, fondos de investimento e fondos de pensións, valores mobiliarios, etc., que se valorarán polo seu valor nominal que conste na correspondente documentación bancaria.

- Entenderase como bens inmobles suficientes, cando a suma dos valores dos inmobles de todas as persoas que integran a unidade familiar, excluída a vivenda habitual, supere o límite de 50.000 €, na data de presentación da solicitude.

O capital inmobiliario ou bens inmobles, estará conformado polos inmobles radicados en España, de natureza rústica ou urbana, de acordo co seu valor catastral, que figure no recibo do imposto que os grave (IBI) ou, no seu defecto, no contrato de compravenda.

2. Entenderase como unidade familiar, a formada pola persoa solicitante e, de ser o caso, polo seu cónxuxe non separado legalmente ou parella de feito inscrita, e os/as fillos/as da persoa solicitante solteiros/as menores de 25 anos, así como os maiores desa idade incapacitados, que residan na mesma vivenda.

Para estes efectos, só se computarán como membros da unidade familiar os que consten inscritos no mesmo domicilio no certificado de empadramento conxunto do Padrón



Municipal ou ben na certificación municipal de convivencia, no momento de presentar a solicitude.

No caso de que a persoa solicitante resida nun establecemento de acollida temporal, nunha residencia de persoas maiores ou nun aloxamento turístico, a determinación da unidade familiar realizarase segundo as circunstancias do caso concreto.

3. Quedan excluídas destas axudas as persoas que resultasen beneficiarias en calquera das tres convocatorias inmediatamente anteriores a esta.

4. Soamente se poderá presentar unha solicitude de axuda económica por cada unidade familiar. No caso de que a persoa solicitante ou outro membro da unidade familiar presentase outra solicitude de axuda, entenderase como válida a presentada no primeiro lugar segundo o asento de rexistro correspondente.

#### Artigo 5. *Criterios de valoración*

A valoración das axudas efectuarase, conforme os criterios e a gradación que se establece a seguir:

1. Situación económica per cápita mensual das persoas que integren a unidade familiar, de acordo co establecido no artigo 4.1.d) desta resolución, segundo o seguinte baremo:

a) Ingresos e rendas inferiores ao 50 % do IPREM: 3 puntos.

b) Ingresos e rendas do 50 % ao 80 % do IPREM: 2 puntos.

c) Ingresos e rendas superiores ao 80 % do IPREM e ata o IPREM: 1 punto.

2. Número de fillos/as menores de 18 anos da persoa solicitante que convivan no seu domicilio e que consten no certificado de empadramento conxunto: 1,5 puntos por cada fillo/a.

3. Familia numerosa, entendida como as unidades familiares en que a persoa solicitante tivese, polo menos, tres fillos que convivan no seu domicilio e que consten no certificado de empadramento conxunto: 1 punto.

4. Cónxuxe ou parella de feito inscrita da persoa solicitante, sempre que conste no mesmo domicilio no certificado de empadramento conxunto, e cumpra os requisitos de



ser nacido/a en Galicia ou ser fillo/a de persoa nacida en Galicia e ter residido no estranxeiro: 1 punto.

5. Situación de discapacidade ou dependencia da persoa solicitante:

– Discapacidade igual ou superior ao 33 % e inferior ao 65 %: 1 punto.

– Discapacidade igual ou superior ao 65 %: 2 puntos.

– Dependencia en grao I ou II: 1 punto.

– Dependencia en grao III: 2 puntos.

No caso de que a persoa discapacitada ou dependente necesite axuda de terceira persoa para as actividades básicas da vida diaria a puntuación se incrementará en 2 puntos.

Naqueles certificados emitidos polos órganos competentes en que non conste a porcentaxe de discapacidade valorarase con 1 punto.

Naqueles casos en que o solicitante presente unha situación de discapacidade e dependencia, só se valorará unha das situacións.

6. Enfermidade grave ou moi grave da persoa solicitante, sempre e cando non se tivese valorado no número 5: 1 punto.

7. Solicitante que fose vítima da violencia de xénero nos cinco anos anteriores ao retorno: 2 puntos.

8. As persoas solicitantes que teñan 65 anos ou máis na data de presentación da solicitude e sempre que non sexan beneficiarias de ningún tipo de pensión nin de prestación periódica concedidas por algunha Administración estatal ou autonómica de España: 5 puntos.

#### Artigo 6. *Contía, pagamento e compatibilidade de axudas*

1. As axudas de carácter xenérico para facer fronte á situación derivada do retorno da unidade familiar previstas nesta resolución, aboaranse por unha soa vez, e o seu importe establécese en función do número de puntos que se obteñan segundo os criterios recollidos no artigo 5, fíxase para os efectos un valor en euros por unidade de puntuación, o que determinará a contía da axuda.



Co obxecto de protexer a situación daquelas persoas que se atopen nunha situación de maior vulnerabilidade, con base no establecido nos números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 do artigo 5, a unidade de puntuación terá un valor en euros diferente en función do número de puntos obtidos polas persoas solicitantes, de acordo coas seguintes regras:

– Unidade de puntuación para aquelas persoas que obteñan entre 1 e 5 puntos: 250 € por punto.

– Unidade de puntuación para aquelas persoas que obteñan máis de 5 puntos: 350 € por punto.

2. Igualmente, e co fin de axudar a sufragar os gastos derivados do retorno, establécese unha axuda de pagamento único que incrementará a contía das axudas previstas no punto 1 en 150 €, para a persoa beneficiaria procedente de Europa e en 400 €, para a persoa beneficiaria procedente de América e outros países, excepto Europa.

3. A contía límite da axuda extraordinaria será ata un máximo de 3.900 € por persoa solicitante.

4. As axudas concedidas aboaranse unha vez que se acredite que a persoa solicitante reúne os requisitos exixidos para obter a condición de beneficiaria segundo o establecido nos artigos 3 e 4 e polo importe correspondente en función dos criterios de valoración establecidos no artigo 5 e co límite establecido no punto 3 deste artigo.

5. As axudas previstas nesta resolución serán incompatibles con calquera outra das reguladas por esta secretaría xeral para os mesmos conceptos subvencionables.

#### Artigo 7. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario electrónico normalizado que figura como anexo I desta resolución, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizarase o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.





Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidas pola sede electrónica da Xunta de Galicia, que inclúe o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal.chave365>).

**Artigo 8. *Prazo de presentación de solicitudes***

O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata o 31 de agosto de 2018, incluído.

**Artigo 9. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento***

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Pasaporte ou documento de identidade en que consten os seus datos persoais para as persoas solicitantes que non teñan DNI.

No caso de que a persoa solicitante sexa menor de idade ou estea incapacitada, a solicitude farase a nome do menor ou incapaz e será asinada polo seu representante legal. Neste caso deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito.

b) Documentación acreditativa da vinculación con Galicia da persoa solicitante: nacemento en Galicia ou, de ser o caso, ser cónxuxe ou parella de feito inscrita ou fillo/a dunha persoa galega e nacida en Galicia.

c) Documentación acreditativa dos vínculos de parentesco da persoa solicitante co resto dos membros da súa unidade familiar, se é o caso: libro de familia ou certificado de matrimonio ou certificación do Rexistro de Parellas de Feito, sempre e cando non poida ser expedido pola Xunta de Galicia, así como certificados de nacemento dos fillos/as da persoa solicitante.

No caso de separación legal ou divorcio, ou disolución dunha parella de feito, achegárase a correspondente sentenza xudicial firme ou certificación rexistral.

d) No caso de que o cónxuxe ou parella de feito inscrita da persoa solicitante, nacesse en Galicia ou fose fillo/a de persoa nacida en Galicia: documento que acredite o seu nacemento en Galicia ou ser fillo/a dunha persoa galega e nacida en Galicia, e tamén documento que acredite que residiu no estranxeiro.



e) Certificado de empadramento conxunto ou de convivencia de data actual, expedido polo concello galego de residencia da persoa solicitante, en que se acredite que todas as persoas que constitúen a súa unidade familiar, se atopan empadroadas no mesmo enderezo.

f) Certificado de persoa emigrante retornada, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, baixa consular ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a data de retorno a España, así como o tempo de residencia no estranxeiro durante un mínimo de tres anos ininterrompidos inmediatamente anteriores á data do seu retorno a España.

g) Certificación actualizada de vida laboral expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social da persoa solicitante e dos demais membros da súa unidade familiar maiores de 18 anos, se é o caso.

h) Documentación acreditativa dos ingresos económicos, pensións ou rendas de calquera tipo, correspondentes aos dous meses anteriores ao da presentación da solicitude da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar.

No caso de que a persoa solicitante ou algún membro da unidade familiar non perciba ingresos económicos, pensións ou rendas; declaración responsable da persoa solicitante neste sentido.

i) Documentación bancaria de saldo en contas correntes, depósitos bancarios, accións, valores, etc.; acreditativa do valor dos bens mobles da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar, na data de presentación de solicitude.

No caso de que algún membro da unidade familiar a excepción do solicitante, non tivese bens mobles (contas correntes, depósitos bancarios, accións, valores, etc.), declaración responsable da persoa solicitante neste sentido.

j) Documentación acreditativa do valor dos bens inmobles da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar, a excepción da vivenda habitual, na data de presentación de solicitude: recibo do imposto que os grave (IBI) ou, no seu defecto, no valor do contrato de compravenda.

No caso de que a persoa solicitante ou algún membro da unidade familiar, non tivese outros bens inmobles diferentes á vivenda habitual, declaración responsable da persoa solicitante neste sentido.



k) Informe médico actualizado expedido polos servizos públicos de saúde, no caso de alegar enfermidade grave ou moi grave da persoa solicitante.

l) Certificado expedido polo órgano competente que acredite o grao de discapacidade ou dependencia da persoa solicitante, no caso de alegar tal circunstancia, só no caso de que non fosen recoñecidos pola Xunta de Galicia, ou tamén polo Imserso no caso de alegar dependencia.

m) No caso de que a persoa solicitante alegue ser vítima de violencia de xénero, deberá acreditar tal situación mediante sentenza, orde xudicial de protección, informe do Ministerio Fiscal ou informe socioambiental emitido por un organismo oficial.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.



5. A Secretaría Xeral da Emigración poderá requirir calquera outra documentación ou dato adicional que considere necesario para completar o expediente ou para unha mellor valoración deste.

6. Cando os documentos achegados ao expediente pola persoas solicitantes estean nun idioma distinto do galego ou do castelán, deberase presentar tradución deles en calquera destes idiomas.

7. A Secretaría Xeral da Emigración poderá solicitar dos servizos sociais comunitarios do concello onde teña fixada a residencia a persoa solicitante, a emisión dun informe social en que se reflecta a súa situación familiar, sociolaboral e económica co fin de ter un maior e adecuado coñecemento das devanditas situacións.

Os ditos servizos sociais poderán remitir este informe xunto coa solicitude e o resto da documentación necesaria para a súa valoración, sen mediar solicitude previa da secretaría xeral, cando a persoa solicitante utilice estes servizos como apoio para a tramitación da axuda.

#### Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI da persoa solicitante.
- b) Certificado de inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.
- c) Certificado de empadramento.
- d) Certificado de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia.
- e) Certificado de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia.
- f) Certificado de dependencia recoñecida polo Imsero.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.



3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 11. *Instrución e resolución*

1. A instrución do procedemento corresponde á Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa e do Retorno.

2. De acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reunise os requisitos establecidos, requirirase a persoa solicitante para que, no prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, terase por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da devandita lei.

3. De conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, unha vez concluída a tramitación do expediente, o órgano instructor formulará directamente a proposta de resolución ao órgano concedente, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

4. Á vista da proposta de resolución a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada.

#### Artigo 12. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel).

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 13. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 14. *Prazo de duración do procedemento de concesión*

O prazo máximo para resolver e notificar será de cinco meses contado desde a presentación da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas, as solicitudes poderán entenderse desestimadas, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 15. *Aceptación e renuncia*

1. A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. No caso de renuncia, a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



**Artigo 16. *Modificación da resolución***

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración, logo da instrución do correspondente expediente en que se lle dará audiencia á persoa interesada.

**Artigo 17. *Obrigas das persoas beneficiarias***

Son obrigas das persoas beneficiarias:

a) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Secretaría Xeral da Emigración, se é o caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais, para o que se achegará canta información sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

b) Comunicarlle á Secretaría Xeral da Emigración a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentase a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. Segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberá presentar unha declaración responsable de estar ao día do cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia antes dos pagamentos.

c) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) As demais obrigas previstas no artigo 11 da antedita lei.



**Artigo 18. Incumprimento, reintegro e sancións**

1. O incumprimento das obrigas contidas nesta resolución ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora endebedados desde o momento en que se efectúe o pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se minorará ou reintegrará serán os seguintes:

– O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.

– Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Artigo 19. Datos de carácter persoal**

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta resolución, cuxo tratamento autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral da Emigración. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a dita secretaria xeral, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral da Emigración, praza de





Mazarelos, 15, 15703 Santiago de Compostela, A Coruña, ou a través dun correo electrónico a [retorno.emigracion@xunta.gal](mailto:retorno.emigracion@xunta.gal)

#### Artigo 20. *Transparencia e bo goberno*

1. Dada a natureza das axudas contempladas nesta resolución e de conformidade co artigo 17.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, exceptúase a Secretaría Xeral da Emigración da publicación das subvencións concedidas ao abeiro desta resolución.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 21. *Información ás persoas interesadas*

Sobre este procedemento administrativo, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral da Emigración, a través dos seguintes medios:

a) Portal web oficial desta secretaría xeral (<http://emigracion.xunta.gal/>), onde, ademais de obter os modelos normalizados de solicitude, se poderá descargar o texto íntegro desta resolución.

b) Así mesmo, poderá obterse información xeral deste procedemento na Guía de procedementos e servizos na páxina web da Xunta de Galicia (<http://www.xunta.gal/>).

#### Artigo 22. *Facultade de desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta resolución.



**Artigo 23. Recursos**

1. Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa. Se a resolución non fose expresa, o recurso poderase interpoñer en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, e no caso de que a resolución non sexa expresa, o recurso poderá interpoñerse desde o día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018

Antonio Rodríguez Miranda  
Secretario xeral da Emigración




**XUNTA DE GALICIA**

 PRESIDENCIA  
 Secretaría Xeral da Emigración

**ANEXO I**

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<b>AXUDAS EXTRAORDINARIAS A PERSOAS EMIGRANTES GALEGAS RETORNADAS</b>	<b>PR905A</b>	<b>SOLICITUDE</b>

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA		LUGAR					
<input type="text"/>		<input type="text"/>					
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
DATA DE NACEMENTO	PAÍS DE NACEMENTO	PROVINCIA DE NACEMENTO	CONCELLO DE NACEMENTO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>					
Notifíquese a:	<input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante				
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:					
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
<b>ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE</b>					
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.					
<input type="radio"/> <b>Electrónica</b> a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.					
<input type="radio"/> <b>Postal</b> (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).					
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.					
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA		LUGAR			
<input type="text"/>		<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		

<b>DATOS BANCARIOS</b>	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA (a persoa titular debe ser a solicitante)	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

<b>TIPO DE EMIGRANTE RETORNADO/A</b>
<input type="radio"/> Persoa galega e nacida en Galicia. <input type="radio"/> Cónxuxe ou parella de feito dunha persoa nacida en Galicia. <input type="radio"/> Fillo/a dunha persoa nacida en Galicia.





**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral da Emigración

**ANEXO I**  
(continuación)

**OUTROS DATOS DE EMIGRACIÓN E RETORNO**

País de procedencia:

Tempo de residencia continuada no estranxeiro antes do retorno:

Data do retorno a Galicia:

Indicar, de ser o caso, se o/a cónxuxe ou parella de feito da persoa solicitante naceu en Galicia ou é fillo/a dunha persoa nacida en Galicia:

SI  NON

Indicar se a persoa solicitante foi beneficiaria desta mesma axuda nos últimos tres anos:

SI  NON

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

1. DATOS DA UNIDADE FAMILIAR: (a unidade familiar está formada pola persoa solicitante e, de ser o caso, cónxuxe ou parella de feito inscrita, e os/as fillos/as da persoa solicitante solteiros/as menores de 25 anos, así como os/as maiores desa idade incapacitados/as, que residan na mesma vivenda).

Nº	MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	APELIDOS E NOME	IDADE	IMPORTE INGRESOS/RENDAS MENSUAIS (€)	PROCEDENCIA DE INGRESOS/RENDAS (especificar: pensións, salarios, axudas...)
1	Solicitante				
2	Cónxuxe/parella				
3	Fillo/a				
4	Fillo/a				
5	Fillo/a				
6	Fillo/a				
TOTAL INGRESOS DA PERSOA SOLICITANTE E DO RESTO DA UNIDADE FAMILIAR:					

Achegarase a vida laboral de todas as persoas da unidade familiar maiores de 18 anos e os xustificantes dos ingresos.

No caso de que a persoa solicitante e o resto dos membros da unidade familiar non perciban ingresos económicos, marcar o seguinte cadro:

Que ningún membro da unidade familiar percibe ingresos económicos ou rendas de calquera natureza.

2. PATRIMONIO INMOBILIARIO: (inmubles radicados en España de calquera das persoas da unidade familiar, que non sexa a vivenda habitual).

Nº	TIPO DE INMOBLE (piso, casa, predio...)	CONCELLO EN QUE ESTÁ RADICADO	VALOR CATASTRAL (€)
1			
2			
3			

Achegarase o recibo do imposto que os grave (IBI).

No caso de que a persoa solicitante e o resto dos membros da unidade familiar non teñan outros bens inmubles que non sexa a vivenda habitual, marcar o seguinte cadro:

Que ningún membro da unidade familiar ten outros bens inmubles que non sexa a vivenda habitual.

3. PATRIMONIO MOBILIARIO: (depósitos en conta corrente ou a prazo, accións, fondos de investimento, fondos de pensións, etc.).

Nº	CONCEPTO (contas correntes, depósitos bancarios, accións...)	VALOR (€)
1		
2		
3		

Achegarase a documentación bancaria en que conste o saldo das contas bancarias, etc.

No caso de que o resto dos membros da unidade familiar non teñan bens móbiles (contas correntes, depósitos bancarios, etc), marcar o seguinte cadro:

Que ningún membro da unidade familiar, que non sexa a persoa solicitante, ten bens móbiles (contas correntes, depósitos bancarios, etc.).





**XUNTA DE GALICIA**  
 PRESIDENCIA  
 Secretaría Xeral da Emigración

**ANEXO I**  
 (continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA** (continuación)

4. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo concepto para o que solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo concepto para o que solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	TIPO DE AXUDA	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

5. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos e que reúne todos os requisitos exixidos na convocatoria.
6. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
7. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
9. Que autoriza a Secretaría Xeral da Emigración no ámbito das súas competencias a ceder os datos persoais a aqueles organismos da Administración xeral do Estado con competencias similares na materia co fin de colaborar no exercicio das funcións que lle sexan propias.
10. Que ten autorización das persoas relacionadas dentro da unidade familiar ou como achegadas para a cesión dos seus datos persoais á Secretaría Xeral da Emigración co fin de xestionar a axuda relativa a esta convocatoria.
11. Que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que no ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE** (neste último caso presumirase que a consulta é autorizada)

- Pasaporte ou documento de identidade en que consten os seus datos persoais para as persoas solicitantes que non teñan DNI.
- Acreditación da representación fidedigna por calquera medio válido en dereito no caso de que a persoa solicitante sexa menor de idade ou estea incapacitada.
- Certificado de empadramento conxunto ou de convivencia de data actual, expedido polo concello galego de residencia da persoa solicitante en que se acredite que todas as persoas que constitúen a unidade familiar se atopan empadroadas no mesmo enderezo.
- Certificación actualizada de vida laboral expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar maiores de 18 anos, se é o caso.
- Documentación acreditativa dos ingresos económicos, pensións ou rendas de calquera tipo, correspondentes aos dous meses anteriores ao da presentación da solicitude, da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar (nóminas, subsidios, pensións, etc.) ou, de ser o caso, declaración responsable da persoa solicitante.
- Documentación bancaria de saldo en contas correntes, depósitos bancarios, accións, valores, etc; acreditativa do valor dos bens móbiles da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar, na data de presentación da solicitude ou, de ser o caso, declaración responsable da persoa solicitante.
- Documentación acreditativa do valor dos bens inmobles da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar, a excepción da vivenda habitual, na data de presentación da solicitude: recibo do imposto que os grave (IBI) ou, no seu defecto, no valor do contrato de compravenda ou, de ser o caso, declaración responsable da persoa solicitante.
- Informe médico actualizado expedido polos servizos públicos de saúde, no caso de alegar enfermidade grave ou moi grave da persoa solicitante.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da vinculación con Galicia da persoa solicitante: nacemento en Galicia ou, de ser o caso, ser cónxuxe ou parella de feito inscrita ou fillo/a dunha persoa galega e nacida en Galicia.			
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa dos vínculos de parentesco da persoa solicitante co resto dos membros da súa unidade familiar, se é o caso: libro de familia, certificado de matrimonio, ou certificación do Rexistro de Parellas de Feito, sempre e cando non poida ser expedido pola Xunta de Galicia, así como os certificados de nacemento dos/das fillos/as da persoa solicitante.			
<input type="checkbox"/> Sentenza xudicial firme ou certificación rexistral correspondente, no caso de separación legal ou divorcio da persoa solicitante, ou disolución dunha parella de feito.			
<input type="checkbox"/> No caso de que o/a cónxuxe ou parella de feito inscrita da persoa solicitante, nacesse en Galicia ou fose fillo/a de persoa nacida en Galicia: documento que acredite o seu nacemento en Galicia ou ser fillo/a dunha persoa galega e nacida en Galicia, e tamén documento que acredite que residiu no estranxeiro.			

CVE-DOG: fkg6215-zpu3-xsn8-zte3-doqtozfz4gs83




**XUNTA DE GALICIA**  
 PRESIDENCIA  
 Secretaría Xeral da Emigración

**ANEXO I**  
 (continuación)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE** (neste último caso presumirase que a consulta é autorizada) (continuación)

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Certificado de emigrante retornado/a, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, baixa consular ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a data do retorno a España, así como o tempo de residencia no estranxeiro durante un mínimo de tres anos ininterrompidos inmediatamente anteriores á data do seu retorno a España.			
<input type="checkbox"/> Certificado expedido polo órgano competente que acredite o grao de discapacidade ou dependencia da persoa solicitante, no caso de alegar tal circunstancia, só no caso de que non fosen recoñecidos pola Xunta de Galicia, ou tamén polo Imserso no caso de alegar dependencia.			
<input type="checkbox"/> No caso de que a persoa solicitante alegue ser vítima de violencia de xénero, deberá acreditar tal situación mediante sentenza, orde xudicial de protección, informe do Ministerio Fiscal ou informe socio ambiental emitido por un organismo oficial.			

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓNOME Á CONSULTA
<input checked="" type="checkbox"/> DNI da persoa solicitante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado de empadramento.	<input type="checkbox"/>
<b>MARQUE O CADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN</b>	
<input type="checkbox"/> Certificado de inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia.	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia.	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado de dependencia recoñecida polo Imserso.	<input type="checkbox"/>

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades, co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral da Emigración. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a dita secretaria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral da Emigración, praza de Mazarelos, nº 15, 15703 Santiago de Compostela (A Coruña) ou a través dun correo electrónico a: [retorno.emigracion@xunta.gal](mailto:retorno.emigracion@xunta.gal)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**


Resolución do 14 de marzo de 2018, de la Secretaría General de la Emigración, por la que se aprueban las bases reguladoras para la concesión de las ayudas extraordinarias a personas emigrantes gallegas retornadas y se procede a su convocatoria para el año 2018 (PR905A).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 


Secretaría Xeral da Emigración


**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>